

## XXXVII Copa Deputación Ourense Atletismo – 3ª Xornada 28/11/2020 – O Barco de Valdeorras MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

### 1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada mais próxima a cancha de tenis, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

- Non se permite o acceso de público.
- Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.
- Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.
- Polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, a Organización acreditará a 1 Delegado/a-Responsable por Club participante e 1 adestrador, por cada 10 atletas, poderán solicitar acreditación ata ás 20:00 horas do 27/11/2020.

### 2. PLANO DA INSTALACIÓN



### 3. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para a zona de salto de lonxitude e nos tacos de saída das carreiras.



#### **4. VESTIARIOS**

Os vestiarios: estarán pechados o publico e atletas.

Haberá servicios de emerxencia, para homes e mulleres, situados na saída da instalación.

#### **5. CÁMARA DE CHAMADAS**

A Cámara de Chamadas estará no interior do Estadio Municipal de Calabagueiros e a entrada será polo portón situado na Rúa das Areas.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar en cámara de chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

#### **6. ZONA DE QUECEMENTO**

Os/as atletas disporán para realizar os seus exercicios de quecemento a calle situada entre o Estadio Municipal de Calabagueiros e o IES Lauro Olmo (pechada ó tráfico).

O quecemento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas

#### **7. CARREIRAS**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nunha caixa na saída e entregarse unha nova unha vez chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha nova máscara.

#### **8. CONCURSOS**

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría (situado no local da Delegación baixo a grada e terá a súa entrada pola Rúa Mariñan), ata una hora antes do comezo da proba.

Todo material que sexa compartido será desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

#### **9. DIRECTOR PROTOCOLO FGA COVID-19**

A organización estará a disposición do Director de Protocolo COVID-19 nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Director de Protocolo COVID-19 son de obrigado cumprimento para toda as persoas presentes na instalación.

#### **10. NORMATIVA**

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.